

Normas que rexerán a compensación horaria dos cursos da 1ª convocatoria do Plan de formación agrupado 2018

A Mesa de Formación na súa reunión do 9 de febreiro de 2018 alcanzou os seguintes acordos en relación coa asistencia aos cursos da 1ª convocatoria do Plan de formación 2018:

- Cada traballador/a poderá dispor dun “crédito horario” de 40 horas/ano para compensar a asistencia a cursos deste plan que se realicen fóra da xornada laboral e cuxa materia estea relacionada coas funcións propias do posto de traballo, sempre de acordo coas porcentaxes establecidas para cada curso e posto de traballo.

- Aqueles cursos que se realicen dentro da xornada laboral non computarán dentro deste crédito horario.

- Para os cursos que se realicen fóra da xornada laboral estableceranse porcentaxes de compensación que variarán en función da materia do curso e a súa relación con cada posto de traballo. Así, para un mesmo curso establécense distintas porcentaxes de compensación segundo o destino de cada solicitante. En todo caso nunca poderán compensarse máis de 40 horas/ano.

- Cando se establece unha compensación do 100%, as horas de asistencia ao curso compensaranse na súa totalidade pero non se imputarán ao crédito de 40 horas.

- No caso de que unha persoa non complete o 85% das horas do curso terá dereito a compensación sempre que a súa inasistencia sexa xustificada e que estas faltas xustificadas, sumadas ás horas de asistencia, supoñan un mínimo do 85% das horas lectivas.

- A compensación poderase facer nos 6 meses seguintes á finalización do curso. Haberá dúas vías:

A) O crédito horario pódese aplicar á entrada/saída, nese caso ha de respectarse o horario mínimo de permanencia.

B) Cambiando por xornada completa. Este cambio unicamente se poderá efectuar se a carga de traballo da Unidade o permite, polo que deberá negociarse previamente coa xefatura da Unidade, que, en todo caso, será a responsable da correspondente validación en e-tempo.

Na listaxe que se xunta figuran as porcentaxes de validación establecidas para cada curso e posto de traballo. No caso de que algunha persoa considere que como consecuencia da relación existente entre a materia do curso e as tarefas correspondentes ao seu posto de traballo a porcentaxe de compensación debería ser outra, debe solicitala por escrito debidamente fundamentado e asinado pola xefatura do Servizo correspondente. O devandito escrito dirixirase á Sección de Formación. Do mesmo xeito, se desde a xefatura dalgún Servizo se considera que a porcentaxe de compensación establecida para algunha ou todas as persoas que forman parte desta non é adecuada para un determinado curso, debe argumentalo nun escrito dirixido á Sección de Formación.

O reflexo na aplicación de control horario da asistencia aos cursos do Plan de formación agrupado 2018 levarase a cabo de acordo coas seguintes indicacións:

1º- Se se trata de cursos que se realicen dentro da xornada laboral e que se impartan en dependencias provinciais, utilizarase a incidencia "A45" "Cursos deputación; os desprazamentos entre instalacións da Deputación para a súa asistencia xustificaranse mediante a incidencia "A39" "Xestión interna".

2º- Se os cursos teñen lugar dentro da xornada laboral pero en instalacións alleas á deputación, ao saír das oficinas provinciais utilizarase a incidencia "A04" "Formación".

3º- Para os cursos do plan fóra da xornada laboral usarase a incidencia "A50" "Curso plan formación", sempre que se impartan en dependencias provinciais.

4º- A asistencia a cursos do plan nos restantes casos non será obxecto de movemento ningún na aplicación de control de presenza.

Nos supostos comprendidos nos números 3º e 4º será control de presenza quen, logo de ver o informe da Sección de Formación, reflicte os tempos que deberán compensarse a cada asistente unha vez finalizado o curso.

Compensacións establecidas para os cursos presenciais que se van realizar na 2ª convocatoria do Plan de formación agrupado 2018:

NORMA XERAL

A admisión realizarase atendendo aos perfís definidos para cada curso. Establécese unha porcentaxe de compensación do 20% para todos os asistentes admitidos que desempeñen postos de traballo non incluídos na relación seguinte.

A EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO E O RÉXIME DE VALORACIÓNS DO SOLO

Ata o 90% para o persoal dos departamentos de Arquitectura, Asistencia Técnica a Concellos e Vías e Obras.

AUTODESK REVIT. NIVEL MEDIO

Ata o 90% para o persoal dos departamentos de Arquitectura, Asistencia Técnica a Concellos e Vías e Obras.

LEI 4/2017, DE 3 DE OUTUBRO, DE PROTECCIÓN E BENESTAR DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA EN GALICIA

Ata o 90% para o persoal de Medio Ambiente.

LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

90% para todo o persoal.

MÁRKETING E ESTRATEXIAS DE PROMOCIÓN DE DESTINOS ORIENTADOS A XESTIÓN TURÍSTICA MUNICIPAL

Ata o 90% para o persoal dos departamentos de Turismo e Cultura

MICROSOFT EXCEL 2010. NIVEL BÁSICO

90% para todo o persoal

PLANIFICACIÓN, XESTIÓN, AVALIACIÓN E COORDINACIÓN DE ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DESDE OS CONCELLOS

Ata o 90% para o persoal de Normalización Lingüística.

REDUCIÓN DO ESTRÉS E XESTIÓN EMOCIONAL NO TRABALLO

75% para todo o persoal.

XESTIÓN DAS ESPECIES INVASORAS DENDE AS ENTIDADES LOCAIS

Ata o 90% para o persoal de Medio Ambiente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS DA POLÍTICA CULTURAL MUNICIPAL

Ata o 90% para o persoal de Cultura.

O CONTROL FINANCEIRO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL: O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO. ESPECIAL REFERENCIA AO CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONS

Ata o 90% para o persoal de Fiscalización.

ACTUACIÓNS ANTE OS MALOS TRATOS INFANTÍS

100% para o persoal do FIER.

MOITO MAIS QUE XANTAR
100% para o persoal do FIER.

ANÁLISE E XESTIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA
Ata o 90% para o persoal de Medio Ambiente.

PLATAFORMA DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO: LICITACIÓN
ELECTRÓNICA
Ata o 100% para o persoal de Contratación.

TEDEC TRAMITACIÓN
Ata o 100% para todo o persoal.

TEDEC REXISTRO
Ata o 100% para o persoal de Información e Actas.

XESTIÓN DE SUBVENCIONS A TRAVÉS DA PLATAFORMA SUBTEL
Ata o 100% para todo o persoal que xestione subvencións a través de Subtel.